

# Propostas derivadas da Comisión de seguimento da crise da COVID-19 do día 24 de abril.



## Xustificación da necesidade das propostas.

Dada a información o debate suscitado no seo da Comisión de seguimento da COVID-19 do Concello de Chantada transmitímoslle as seguintes propostas e reiteramos a nosa disposición a colaborar no que se nos demande. Estas propostas complementan o decálogo do 22 de abril, previo á comisión, así como outros documentos que lles fomos facendo chegar e dos que xa teñen cumprido coñecemento.

As **PROPOSTAS** que formulamos son as seguintes:

1.- **Incluír na Comisión de seguimento un representante do Centro de saúde de Chantada**, algo habitual en múltiples concellos e até de agora non se fixo aquí sendo recomendado pola FEGAMP<sup>1</sup>. Deberían ser os coordinadores do COVID-19 no centro. É importante para que informen da situación, propoñan medidas, coordinación da desinfección etc. No referente á **carpa** da que se falou na comisión no centro de saúde, entendemos, pois, que cómpre comezar a coordinarse ben co centro, tamén no relativo á **limpeza**.

---

<sup>1</sup> Por exemplo a circular do 15/03/2020: *A Comisión de seguimento do COVID-19 estudará entre outros temas, a colaboración coas autoridades sanitarias, a atención á cidadanía, en especial ás persoas máis vulnerables, a suspensión de cobro de taxas, así como todos aqueles aprazamentos e fraccionamentos de taxas, impostos, etc, que fose preciso levar a cabo para os sectores económicos afectados pola crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.*

2.- **Sinaléctica e organización peonil** para a mellora da seguranza. **A distribución dos espazos para facilitar o distanciamento social**, a mellor medida de prevención existente e que inclúe o confinamento, está sendo unha preocupación en moitos concellos, nomeadamente naqueles con núcleos de poboación importantes, como a vila de Chantada con por volta de 4000 habitantes. Milán, París, Nova Iorque ou Barcelona foron punta de lanza neste sentido. A ampliación de beirarrúa, mediante o seu pintado, é unha destas medidas. No caso de Chantada, dada a súa entidade e para sermos nisto eficientes e pioneiros propomos:

- **Beirarrúas de menos dun metro e paseo**, que recomendamos abrir para a saída das crianzas, **de sentido único**.
- **As brigadas municipais sinalarán as mudanzas mediante pintura no chan con frechas**.
- **Evítanse cruzamentos, favorece o distanciamento social e ten un impacto económico e operativo mínimo para o Concello**.

3.- Ofrecer **axuda alimentar e de emerxencia social a todas as familias que ficaron sen o programa de alimentos**, hai tempo extinto, **da Fundación Amigos de Galicia**, contactando con todas elas para informalas de cal será a alternativa á axuda que recibían. Neste sentido, **lembrar as instrucións de simplificación de trámites**, pois non ten sentido estarlles pedindo, por exemplo, DI ou certificado de empadramento (entre outras cuestións), que xa entregaran no seu día.

4.- Aínda que na comisión de seguemento se afirmou que **as EPI's dos traballadores** son as axeitadas os retornos que temos non indican o mesmo e debe mellorarse coa máxima urxencia este aspecto. Concretamente, hai operarios da limpeza que non contaban coa protección suficiente e axeitada ou, no caso do SAF, os documentos de entrega de material do propio concello desmenten que sexan suficientes as EPI's. Por exemplo, a duración das máscaras cirúrxicas é de 4 horas e a das FPP, as que cremos que precisa o SAF, é sobre 8 horas. Sobre os diferentes tipos de máscaras e a protección que dá cada unha poden consultar a seguinte infografía. Rogamos se corrixa isto.

5.- **Reparto de máscaras á poboación**. Deberíase aclarar o **protocolo de reparto** sobre o que xa nos pronunciamos anteriormente e lles transmitimos proposta. Como non se falou na comisión, informamos de que, en comparecencia en roda de prensa, o presidente da **Xunta da Galiza**, **anunciou a entrega de máscaras através das oficinas de farmacia, solución tamén desenvolvida con suceso no Concello de Sober**, por exemplo, que se prevé a partir da semana do 4 de maio. En principio, terán preferencia as persoas de maior vulnerabilidade, pensionistas con rendas inferiores a 18.000€, perceptores de rendas mínimas de inserción, desempregados de longa duración etc. A dispensión farase de balde e mediante a tarxeta sanitaria através dun código

previamente en e-receita nun pacote de 3 máscaras faciais por utente que incluírán recomendacións de uso. Como xa lles recomendamos anteriormente este debe ser o principal mecanismo de reparto e a mellor vía para informar correctamente do uso e reemprego, de ser o caso, das mesmas.

Reiterar a disposición de Por Chantada a colaborar nunha fronte única nesta pandemia e para calquera contribución ou esclarecemento. Agradeceríamos retorno sobre as nosas propostas e escritos, pois a unidade require diálogo e consensos non actuacións unilaterais ou opacidade.

Sen outro particular e agardando que lles sexa de utilidade receban un cordial saúdo.

Chantada, 25 de abril de 2020.

**Grupo municipal Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular.**